

INFORME-PROPOSTA

ASUNTO.- APROBACIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO DE "SANEAMENTO NO ENTORNO DA RUA SAN PEDRÓ" (EXP.003-OBRPA17).

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro industrial don Alfonso Fernández Losada (30.12.2016 RE 16745) relativo ó SANEAMENTO NO ENTORNO DA RUA SAN PEDRO.

Resultando que, o artigo 121 do TLCSP atribúe a competencia para a aprobación dos proxectos nos contratos administrativos de obras ao órgano de contratación.

De conformidade co establecido Decreto da Alcaldía de data 18 de xuño de 2015 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local deste Concello, correspóndelle a este órgano de goberno as competencias como órgano de contratación.

Non obstante isto, o propio réxime de funcionamento da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado está suxeito a unha convocatoria previa e celebración de sesión, que leva obrigada demora na tramitación dos expedientes orixinando, nalgúns ocasións, prexuízos aos cidadáns ou o propio Concello.

Por canto antecede, propónse a ALCALDIA a adopción do seguinte **ACORDO.-**

Único.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno en virtude do disposto na delegación de competencias, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2868/1986, de 28 de novembro e, en consecuencia:


Aprobar o proxecto da obra DE SANEAMENTO NO ENTORNO DA RUA SAN PEDRO E O ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAUDE redactado polo enxeñeiro industrial don Alfonso Fernández Losada(30.12.2016 RE 16745).

Monforte de Lemos, 14 de xullo de 2017,

Conforme,

O Alcalde,

José Tomé Roca.



A TAX


Elisa Martínez Arias